

ANIMAIS VOADORES

Ademais das aves e de algúns insectos, outros moitos animais poden voar, imos ver algúns:

MORCEGO



O morcego é un mamífero, é o único mamífero que voa; ten unhas fortes ás sen plumas, coma as de un avión. Voa de noite e para cazar diríxese polo seu fino oído. Cando caza emite chíos moi agudos que os humanos non podemos oír e escoita o eco.


As ondas sonoras rebotan contra os insectos o que lle permite localizalos. Hai máis de 900 clases de morcegos

RAPOSO VOADOR

É un morcego que se chama así porque ten a cara moi parecida á de un raposo. Ten unhas ás enormes que chegan a medir 2 metros cando él só pesa 1 Kg. Vive en Asia e Australia. Aliméntase de froita madura, e para buscalá valese da vista e do olfato, cando a topa, cravan nela os dentes e chupan o zumo.




RA VOADORA



Vive nas polas das árbores nas selvas de Asia. Fai os niños nas árbores e o fillos ó nacer déixanse caer o chan e viven nos charcos do chan. O que lle permite voar son as membranas que unen os seus dedos.

LAGARTO VOADOR

Ó igual que a ra voadora, o que lle permite voar son as membranas que unen os seus dedos, funcionan de paracaídas, permítelle frear e ademais fanlle de timón. Este lagarto ten unhas escamas na parte inferior dos dedos que fan de



ventosas, por exemplo, se se pega a unha ventá non se é capaz de soltalo sen romper o cristal.

PEIXE VOADOR

É capaz de lanzarse voando polo aire para evitar un barco ou para evitar que o cace outro peixe. Para despegar axita o rabo e logo desprega as aletas coma se foran ás, voa a uns 60 km por hora.



ESQUÍO VOADOR



Hai uns esquíos que poden voar, normalmente voan pola noite, teñen unha membrana de pel peluda entre os dedos das patas dianteiras e traseiras que actúa coma un paracaídas e permítelles voar.

COMPRENSIÓN

1. ¿Cal é o único mamífero que pode voar?

2. ¿Cómo se orienta o morcego?

3. ¿Qué é o que lle permite voar á ra ou ó lagarto voador?

4. ¿Cómo fai o peixe voador para voar?

Sinala a resposta correcta:

O morcego ten unhas ás:

- Fortes e con plumas
- Fortes ás sen plumas
- Lixeiras coma as de un avión

O raposo voador chámase así porque:

- É un raposo que pode voar
- É un morcego con cabeza de raposo
- Ten a cara parecida a de un raposo

Os esquios:

- Normalmente voan polo día
- Non teñen dedos nas patas traseiras
- Normalmente voan de noite

¿Cómo poderías despegar un lagarto voador que estivera pegado a un cristal?

- Tirando del para que se despeguen as ventosas
- Rompendo o cristal
- Botando aceite no cristal para que vaia escorregando.

COMPLETA:

O raposo voador pesa e as súas ás poden chegar a medir Aliméntase de e cando a topa

As rás voadoras fan os e os fillos ó nacer e viven nos

ACTIVIDADES

1. Escribe unha característica de cada un dos animais voadores do texto:

- ▶ RA VOADORA: _____
- ▶ LAGARTO VOADOR: _____
- ▶ ESQUÍO VOADOR: _____
- ▶ PEIXE VOADOR: _____
- ▶ RAPOSO VOADOR: _____
- ▶ MORCEGO: _____

2. ¿Cántas palabras eres capaz de encontrar dentro desta?
Colorea as casillas que non utilices.

	L	A	G	A	R	T	O
1	L	A	G	A	R		
2							
3							
4							
5							
6							
7							
8							

3. Escribe na ringleira as palabras que se repiten nas columnas:


voador
esquío
agresivo
morcego
presa
mamífero

presa
nidos
esquío
voador
morcego
mamífero



ocelote
presa
morcego
espuma
voador
salvaxe

4. Busca na sopa de letras:

lagarto, raposo, morcego, peixe, esquio



5. Busca o morcego que sexa igual ao modelo.



6.

Averigua o que di esta frase e escríbea:

O morango é o único mamífero que voa. Voa de noite e para caçar dirívaca pelo seu fino céu.

7.

Ordena as seguintes palabras e forma

frases con sentido:

- ▶ O- oído. –morcego - para – cazar - diríxese – polo – seu

- ▶ O –unen- os- dedos- que- membranas- ten -voador- lagarto

- ▶ A -vive–ra-voadora- nas –polas – das -nas –árbores-selvas –asiáticas

8. Escribe correctamente as seguintes frases:

Hai uns esquíos que poden voar

O peixe voa dor é ca paz de sa ír voan do pa ra e vi tar un barco

Osesquíosvoadoresfanonormalmentedenoite

9. Ordena as seguintes letras para formar palabras que aparecen no texto. Logo escribe unha frase con cada dúas palabras.

meoorcg

nmbremaas

smaseca

emafromi

caraaísdap

satale

10. No texto fálase do “raposo voador”. Imaxina que os raposos puidesen voar. ¿Que vantaxes lles traería? Inventa unha historia de un raposo voador.
